

**ORDENANZA FISCAL Nº II.2 REGULADORA
DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA
POTABLE A DOMICILIO.**

NATUREZA E FUNDAMENTO

ARTIGO 1

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 2

Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación do servizo de subministro de auga potable a domicilio, a petición do interesado.

SUXEITO PASIVO

ARTIGO 3

Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades ás que se refire o art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nos que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuário, habitacionista, arrendatario ou, incluso de precario.

Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

RESPONSABLES

ARTIGO 4

Serán responsables solidarios das obrigacións tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e

xurídicas ás que se refiren os artigos. 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

NORMAS DE XESTIÓN

ARTIGO 5

Toda autorización, para gozar do servizo de augas, levará aparellada a obrigación de instalar contador nos inmobles sendo particular para cada vivenda que deberá ser colocado en sitio visible e de fácil acceso que permita a clara lectura do consumo que marque.

O abastecemento de augas potables a este municipio, é un servizo municipal, de conformidade coas prescricións vixentes, explotándose por conta e beneficio do Concello.

A taxa liquidarase cando se presente a solicitude de alta no padrón correspondente, podendo ratearse por meses.

Se se utiliza o servizo sen mediar solicitude, darase de alta de oficio no correspondente Padrón, liquidarase e notificarase ós interesados polo período non declarado, sen prexuízo das sancións e recargas que procedan.

Unha vez producida a alta no correspondente Padrón, a liquidación desta taxa farase por procedemento de padrón ou matrícula.

OBRIGACIÓN DE PAGO

ARTIGO 6

A Taxa regulada nesta Ordenanza é esixible no momento que se inicie a prestación do servizo.

Establecido e estando en funcionamento o referido servizo, a Taxa devengarase o primeiro día do período que sinala a tarifa da Taxa, no seu caso, na data na que comece a prestación do servizo.

O pago da Taxa realizarase:

a) Tratándose da primeira liquidación, non exaccionada no padrón, no momento de presentarse a solicitude, en calidade de depósito previo, e o seu ingreso farase efectivo na Tesourería Municipal, ou no lugar que determine a Alcaldía-Presidencia.

b) Tratándose de liquidacións practicadas de oficio polo Concello, notificarase ós interesados os cales as poderán facer efectivas en vía voluntaria no prazo de un mes, sen prexuízo das sancións e recargas que procedan.

c) Tratándose de liquidacións efectuadas polo Padrón ou Matricula esixirase nos períodos que sinala a tarifa da Taxa, ou no seu caso, nos períodos que sinala a Alcaldía-Presidencia, e o seu ingreso farase efectivo no período voluntario no prazo de dous meses dende a súa publicación no BOP.

DECLARACIÓN DE ALTA E BAIXA

ARTIGO 7

Os obrigados ao pago formularán as declaracións de alta nos Censos ou Padróns da Taxa e producirá efectos no mesmo momento de presentarse a declaración, podendo ratearse, no seu caso, por meses.

Os obrigados ao pago formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da Taxa e producirá efectos no período seguinte ó de presentación da mesma podendo, no seu caso, ratearse por meses.

NORMAS PARA O SUBMINISTRO

ARTÍGO 8

Establécense as seguintes normas:

DAS ACOMETIDAS

1º.-As acometidas de auga dende a rede xeral de distribución ata a parte exterior das fincas, serán feitas polo Concello, a cargo do propietario, quen pode subministrar tódolos materiais que precisen, ou no seu defecto, aptalos o municipio, liquidándose pola oficina correspondente o importe dos xornais dos obreiros municipais, e no seu caso, dos materiais ós prezos do día, notificándose a liquidación ó interesado cun prazo de oito días para efectuar o ingreso que, de non facelo será efectivo pola vía de constrinximento.

2º.-O diámetro da acometida ou conexión será calquera, se a derivación se practica por enxerto, pero cando se perfore o cano xeral, determinarase polo encargado do servizo, o punto de perforación e o diámetro máximo, do arranque da derivación.

3º.-Á entrada do inmovible e en sitio convinte, situarase unha chave de paso pechada nun rexistro de fábrica con tapa metálica, do que o material corre exclusivamente a cargo da Administración.

4º.-Unha vez establecidos os canons de servizo nunha finca, non poderán introducirse nelas ningunha alteración sen o consentimento do Concello.

5º.-A concesión haberá que solicitala á Xunta de Goberno Local, en impreso que facilitará a oficina

de Rendas, enchendo os seus ocios polo solicitante sen ningunha omisión.

6º.- Ao outorgarse cada concesión farase constar na mesma polo encargado do servizo de Augas, o punto onde se fixo a toma e no que se coloca a chave da acometida, a dirección desta ó contador ou contadores e demais circunstancias especiais da instalación que se consideren necesarias a xuízo do encargado do servizo.

7º.- Non se poderá facer variación ningunha en ningún elemento dos que compoñen a instalación, ou sexa, contador, billas, tubarías, etc. sen o correspondente permiso.

DOS CONTADORES

8º.-Establecerase para cada vivenda unha chave de paso e un contador que indique o consumo total en toda ela, que será o que sirva ó Concello, para facer a capacidade.

9º.-Os contadores situaranse na posición que lles sexa normal, en lugares de fácil acceso e limpos e de tal xeito, que pola súa situación e altura non resulte molesta a súa lectura polo encargado de facelo. En cada caso decidirse polo Concello o emprazamento máis axeitado para a facilidade da capacidade.

10º.-Todo aboadado deberá avisar por escrito á Alcaldía, de calquera introdución, insuficiencia ou irregularidade no servizo, o que se comprobará polo persoal encargado, anotándose na súa libreta e na do propietario, e só dende a data da anotación se contarán os días de interrupción ós efectos conseguintes.

11º.-As liquidacións faranse trimestralmente e as lecturas dos contadores tomaranse en presenza dos interesados ou representantes e se non concorresen ó acto do aforo aplicarase a liquidación que dea o encargado da lectura, sen dereito a ningunha reclamación.

Os usuarios da auga entregáraselle unha libreta onde se anotarán trimestralmente as lecturas, desta libreta, será responsable o usuario, e no caso de extravío, reclamará outra no Negociado, da que asinará o correspondente recibo. Se ó producirse unha incidencia entre o aboadado e o Concello, non puidese aquel presentar esta libreta, perderá todo dereito a reclamación.

Ó encargado da lectura dos contadores, anotará esta na súa libreta e na do aboadado.

12º.-No caso de paralización ou avaría do contador, faranse liquidacións de acordo ó trimestre anterior se a instalación non tivese un ano de existencia, e se a tivese de acordo ó mesmo trimestre do ano anterior.

DO SUBMINISTRO

13ª.-As concesións de auga poderán facerse ós propietarios das fincas e tamén ós arrendatarios delas, serán sempre temporais e mediante o pago das tarifas vixentes.

Os arrendatarios deberán ser autorizados polos donos das fincas para introducir a auga nos locais que ocupan.

14ª.-Os abonos cos usuarios de auga, serán temporais, polo tempo que o aboado ocupe a vivenda, estando obrigados a dar conta á oficina de auga do cambio de residencia e traslados de vivenda dentro da poboación.

Cando o nome dun aboado ó subministro de auga, variase polo seu falecemento, ausencia, traspaso e outras causas, sempre que continúe no mesmo piso a familia ou entidade onde se veña subministrando o servizo de auga, a persoa que lle suceda deberá dar conta inmediata ó Negociado, subscribindo novo abono, sen que isto orixine o cambio do contador.

15ª.-A cobranza efectuarase mediante recibos trimestrais e se o pago non se efectuase dentro dos oito días seguintes ó da súa presentación, suspenderase o subministro de auga sen previo aviso, sen prexuízo do pago de arbitrio non fiscal sobre edificios que carecen dos servizos de salubridade e a reclamación do débito pola vía de construximento.

16ª.-No caso de interrupción parcial ou total do servizo xeral de augas, non terán os aboados dereito a ningunha indemnización.

17ª.-Será obrigatoria a instalación e adquisición de contadores de auga por conta dos usuarios. O Concello poderá por si mesmo ou mediante contrata, proceder á instalación de contadores e conservación dos mesmos, sendo de conta do usuario os gastos que esta instalación e conservación orixine. Así mesmo, o Concello poderá contratar os servizos de lectura e outros relacionados con este servizo municipal de Augas.

18ª.-O sistema de calibres e marcas de contadores para a medición de auga, serán determinados con carácter xeral e obrigatorio polo servizo municipal de Augas. Non poderá usarse ningún contador que non fose previamente verificado pola Delegación de Industria.

CONTÍA

ARTIGO 9

A estrutura e contía deste Taxa, será a que figure na seguinte:

TARIFA:

A) USOS DOMÉSTICOS:

1º bloque, ata 10 m ³ de consumo	0,383545 €/m ³
2º bloque, de 11 m ³ a 20 m ³	0,483731 €/m ³
3º bloque, exceso de 20 m ³	0,515874 €/m ³
Cota mensual de servizo	1,966 €/aboado mes
Cota mínima mensual	5,806 €/aboado mes

Ás vivendas que non teñan instalado contador, facturaráselles un mínimo de 12,41 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e Normas técnicas, un prazo de seis meses, e no caso contrario procederase ó corte de subministro de auga.

B) USO COMERCIAL:

Comercios de venda menor, artigos de regalo, camisería, mercería, oficinas, tendas de alimentación e similares:

1º bloque, ata 10 M ³ de consumo	0,483731 €/m ³
2º bloque, exceso de 10 M ³	0,566677 €/m ³
Cota mensual de servizo	4,715 €/aboado mes
Cota mínima mensual	9,551 €/aboado mes

C) USO INDUSTRIAL:

1º bloque, ata 25 m ³ de consumo	0,483731 €/m ³
2º bloque, exceso de 25 m ³	0,584026 €/m ³
Cota mensual de servizo	4,715 €/aboado mes
Cota mínima mensual	16,809 €/aboado mes

Os locais comerciais e industriais que non teñan contador, facturaráselle un mínimo de 25,52 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo Regulamento e Normas Técnicas, un prazo de seis meses, no caso contrario, procederase ó corte do subministro de auga.

D) OBRAS DE CONSTRUCCIÓN:

1º bloque, ata 65 m ³ de consumo	0,509409 €/m ³
2º bloque, exceso de 65 m ³	0,593773 €/m ³
Cota mensual de servizo	4,715 €/aboado mes
Cota mínima mensual	37,827 €/aboado mes

E) CANON DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES

O canon de conservación polo servizo de mantemento, será de 0,225 €, máis IVE, para todos os calibres, por aboado e mes.

A todas as tarifas (usos domésticos, comercial, industrial, obras en construción), incrementáraselle o IVE correspondente.

EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

ARTIGO 10

Aplicarase unha bonificación do 90% da tarifa para aquelas unidades familiares que non cheguen ao Salario Mínimo Interprofesional, así coma para desempregados coas prestacións esgotadas, e dunha bonificación do 50% para as unidades familiares nas que todos os seus membros superen os 65 anos e sexan receptores de ingresos cuxa contía máxima sexa a pensión mínima contributiva.

DEVENGO

ARTIGO 11

Devéngase a Taxa e nace a obrigaón de contribuír dende que teña lugar a prestación do servizo.

ENTRADA EN VIGOR

ARTÍGO 12

A modificación da presente Ordenanza Fiscal foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o 30 de outubro de 2025 e, ao non ser presentadas alegacións, o acordo quedou elevado automaticamente a definitivo, polo que a ordenanza comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2026, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

Datas anteriores modificacións:

PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 28/12/2000
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 17/12/2001
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 30/12/2002
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 29/12/2003
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 29/12/2004
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 28/12/2005
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 26/12/2006
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 27/12/2007
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 26/12/2008
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 09/05/2011
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 27/12/2011
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 28/12/2012
PUBLICADO BOPPO: 30/12/2013
PUBLICADO BOPPO: 30/12/2014
PUBLICADO BOPPO: 29/12/2015
PUBLICADO BOPPO: 30/12/2016
PUBLICADO BOPPO: 28/12/2017
PUBLICADO BOPPO: 12/12/2018
PUBLICADO BOPPO: 18/12/2019
PUBLICADO BOPPO: 26/12/2019 (CORRECCIÓN ERROS)
PUBLICADO BOPPO: 30/12/2020
PUBLICADO BOPPO: 30/12/2021
PUBLICADO BOPPO: 28/12/2022
PUBLICADO BOPPO: 27/12/2023
PUBLICADO BOPPO: 27/12/2024

Data última modificación:

PUBLICADO BOPPO: 23/12/2025

ANEXO I

TARIFAS DE ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2026

1.- ACOMETIDAS

Ø acometida	Gabia terra (A)	Gabia asfalto (B)	Gabia baldosa-beirarrúa (C)	
¾ ".....	231,25 €.....	305,03 €.....	368,17 €	
1 ".....	253,98 €.....	327,00 €.....	389,45 €	
1 ½ ".....	336,25 €.....	410,00 €.....	473,98 €	
2 ".....	400,07 €.....	472,45 €.....	535,58 €	
Acometidas de máis de 5 m.	¾"	1"	1½"	2"
(A) Incremento de por m.	12,14 €.....	14,21 €.....	25,51 €.....	34,03 €
(B) Incremento de por m.	26,73 €.....	28,79 €.....	40,21 €.....	48,58 €
(C) Incremento de por m.	32,13 €.....	34,20 €.....	45,14 €.....	53,92 €

2.- CONTADORES

2.1.- Contadores de 15/20 mm.

-Instalación en batería de contadores ou similar

-Contador de 15/20 mm.

-Válvula antirretorno

-Pezas de conexión...

Prezo: 15 mm.... 101,57 € / ud.; 20 mm.... 128,14 €/ud.

2.2.- Contador diámetro superior a 15/20 mm.

-Presupostarse para cada caso.

TARIFA DE CONTADORES (SEN INSTALACIÓN)

	€
Ø 15 mm.	70,15 /ud.
Ø 20 mm.	96,72 /ud.
Ø 25 mm.	157,50 /ud.
Ø 30 mm.	220,18 /ud.
Ø 40 mm.	341,42 /ud.
Ø 50 mm.	745,76 /ud.
Ø 65 mm.	924,52 /ud.

3.- TARIFA POR INSPECCIÓN DE INSTALACIÓN DE CONTADOR, PRECINTADO E TOMA DE LECTURA PARA CAMBIO DE TITULARIDADE.

Total..... 22,75 € /unidade

4.- XESTIÓN DE COBRO

No caso de non facer efectivo o importe do recibo no período voluntario de cobro, por confección de listado de pendentes de pago, carta individual a cada un deles, certificado de correos, etc. cargarase unha cantidade igual ás tarifas postais vixentes á carta certificada con acuse de recibo.

NOTA: Tódolos prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.